

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **30 de maio de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, réunese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 23 de maio de 2014.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Informática

- Para a adquisición de 2 scanners documentais para a dixitalización en intervención e tesourería, por importe de 1.108,72 euros, adxudicado á **MACROCOPIA**.
- Para a renovación do servizo de mantemento co aire acondicionado e Sais do CPD, por importe de 20.910,54 euros, adxudicado á **EMETEL SISTEMAS**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Infraestructuras e Zona Rural

- Para a pavimentación e servizos na rúa Camiño de Romai (tramo rúa Tres Marías-rúa Casas Vellas (escalinata), por importe de 42.370,27 euros, adxudicado á **SANLE, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Cultura

- Para a actuación do grupo de gaitas Cantigas e Frores na celebración das Festas Patronais no Barrio San Antonio de Padua, por importe de 450 euros, adxudicado á **CANTIGAS E FRORES**.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 30-05-2014.doc

Asunto:

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- Para servizo de atención extraordinario dos museos Porta Miñá, Domus de Mitreo e San Roque, por importe de 929,57 euros, adxudicado á **STENDAHAL MUSEUM SOLUTIONS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG.

- Para deseño, maquetación e impresión de folletos de información turística “Ruta Lugo Monumental”, por importe de 3.042,52 euros, adxudicado á **TA TA COMUNICACIÓN.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Policía Local

- Para a adquisición de talonarios “boletín de denuncia”, para os axentes de policía de barrio, por importe de 382,90 euros, adxudicado á **GRÁFICAS INTEGRALES CO. GA. MI. S.LU. (GRAFINCO).**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Deportes

- Para gastos diversos: aluguer vallas, vixiancia circuito, aluguer de cabinas, pancarta evento, aluguer megafonía, mesas, sillas, etc... na celebración da Copa e Campionato Galego de escalada en bloque FGM 2014, por importe de 2.004,91 euros, adxudicado o Arco Trus 6 M. E persoal de montaxe á **MULTISPORTS GALICIA, S.L.**, o aluguer de vallas á **TALLERES TORNEIRO, S.A.**, a vixiancia de circuito á **VIGILANCIA INTEGRADA, S.A.**, o aluguer de cabinas sanitarias á **RECITOR E SANILU, S.L.**, a pancarta do evento á **DESEÑO E CORES, S.L.L.** e o aluguer de megafonía, mesas, sillas, carpa exerador á **LUZSONGA, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, co voto en contra do PP, por non estar planificado con máis antelación.

- De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.845,06 euros, adxudicado á **DIELECTRO INDUSTRIAL.**
- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 2.553,24 euros, adxudicado á **DIGAMEL, S.A., DIELECTRO INDUSTRIAL e LA ELÉCTRICA.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Medio Ambiente

- Para a compra de material: contadores con racores, por importe de 512,31 euros, adxudicado á **SUMINISTROS LA RONDA, S.L.**

- De Parque Móbil

- Para a adquisición de gasolina, gasoil e derivados, por importe de 12.000 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA).**

- De Cultura (Xuventude)

- Para gastos ocasionados polo desenvolvemento da festa do Arde Lucus MMXIV, por importe de 43.585,97 euros, adxudicado o concerto de arpas á **DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA**, o concerto do orfeón lucense á **ORFEÓN LUCENSE**, fragua participativa á **ASOCIACIÓN CONSEJO DEL HIERRO**, Ars Dimicandi á **ARSDimicandi**, Albergue á **VÍA LÁCTEA, S.L.U.**, Hotel **(PROMOTORA DE ALOJAMIENTOS LUCENSES, S.A.)**, **EL PROGRESO DE LUGO**, reparto de publicidade á **BUZONEOS DEL NORTE, S.L.**, Impresión de programas á **DE SEGUNDA GALLEGA, S.L.**, Impresión de carteis á **GRÁFICAS LUCENSES**, Lonas de programación á **GRAFINCO**, Mupies á **PRELO, S.L.** e Templo Vestais á **ENRIQUE PEÑALVER FERNÁNDEZ.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG.

2.- Facturas para ditame

- Dación de conta do decreto número 14005079, de data 28-05-2014, polo que se aproban determinadas facturas.

Fóra da orde do día, ditamináronse favorablemente:

- De Medio Ambiente

- Para adaptación do plan de mobilidade sostible de Lugo, por importe de 18.408,64 euros, adxudicado á **AXENCIA DE ECOLOGÍA URBANA DE BARCELONA**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do PP.

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 30-05-2014.doc

Asunto:

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.